

Na reunión de Sección Sindical do PAS laboral de **CC OO**, celebrada o 27 de setembro, con respecto a última proposta económica da xerencia presentada na Mesa Negociadora do IIº Convenio vimos de acordar o seguinte:

1. A Universidade ten que pagar os atrasos íntegros dende o 1 de xaneiro de 2005 e a parte que corresponda ao 2006. Ver a táboa que se achega.
2. Os complementos de singularización funcional é preciso calculalos considerando o salario base anual (15 pagas) e non sobre o salario base mensual (12 pagas) tal e como propón Xerencia.
3. A xerencia ten que definir a que categorías ou postos singularizados lle outorga os pluses. A relación de complementos definida no actual Convenio ten que ter a súa correspondencia na nova proposta.
4. A suba que se propón para o grupo IV non pode estar ligada a ningún proceso de transformación. Calquera proceso formativo que se considere necesario para a nova categoría realizarase unha vez consolidada esta como formación obligatoria a realizar en tempo de traballo.
5. A homologación retributiva con niveis do PAS funcionario é preciso mantela ao longo do tempo, de tal xeito que as categorías homologadas teñan, a partir da sinatura do Convenio, idénticos incrementos económicos. Para conseguir este obxectivo propoñemos a seguinte adicional: "Co obxectivo de manter no tempo a homologación salarial co persoal de administración e servizos funcionarios, todo incremento retributivo que se lle aplique durante a vixencia do Convenio aos distintos niveis da táboa funcional, repercutirá automaticamente nas categorías e postos singularizados do persoal laboral homologados aos referidos niveis". Ver táboa que se achega.
6. É preciso considerar un plus de homologación para evitar complementos persoais transitorios, pluses *ad personam* ou calquera outro similar.
7. Para o complemento de xornada partida propomos un incremento do 6% que pasaría a ser , polo tanto, de **2.670,82**.

*MODIFICACIÓNS DE CC OO DESENVOLVIDAS E HOMOLOGADAS CON NIVEIS DO PAS-F (salario anual)*

28/09/06

GRUPO PROFESION.	SALARIO BASE	NOVOS COMPLEMENTOS PROPOSTA IIº CONVENIO				COMPLEM. HOMOLOG.	TOTAL S.B. + COMPL.	EQUIPARC. NIVEIS PAS-F	DIFERENCIA ANUAL
		RR. DIRECT.	COOR.FUNC	XEF. GRUPO	ESP. COMP.				
I	30.082,98	10.529,04					40.612,02	A-28	1.332,89
I	30.082,98		5.414,94				35.497,92	A-26	402,26
I	30.082,98			3.609,96			33.692,94	A-25	848,02
I	30.082,98				1.804,98		31.887,96	A-24	482,79
<b>I</b>	<b>30.082,98</b>						<b>30.082,98</b>	<b>A-23</b>	0,00
II	24.795,12		4.463,12				29.258,24	B-24	104,87
II	24.795,12			2.975,41			27.770,53	B-23	37,00
II	24.795,12				1.487,71		26.282,83	B-22	-167,37
<b>II</b>	<b>24.795,12</b>						<b>24.795,12</b>	<b>B-21</b>	0,00
III	19.668,12			2.360,17			22.028,29	C-21	533,25
III	19.668,12				1.180,09		20.848,21	C-20	66,45
III	19.668,12				1.180,09	2.301,91	23.150,12	C-22	0,00
<b>III</b>	<b>19.668,12</b>						<b>19.668,12</b>	<b>C-18</b>	0,00
<b>IV</b>	<b>17.936,22</b>						<b>17.936,22</b>	<b>D-18</b>	0,00
IV (EXT)	17.088,83						17.088,83	D-16	0,00
V	15.552,58						15.552,58	E-14	0,00

**Explicación:**

- Os postos base dos grupos III, IV e V axustáronse aos niveis reais de homologación (C-18, D-18 e E-14)
- Os complementos están calculados sobre o salario base anual (15 pagas) partindo dos posto base propostos pola xerencia para os grupos I e II e no resto dos grupos nos referidos niveis de homologación.
- Créase no grupo III un complemento de homologación para poder integrar, coherentemente, aos TETIC na táboa.
- Como se pode observar esta proposta é moito máis acaída e harmónica, e ademais, coerente co obxectivo da homologación, que a presentada por Xerencia.

TÁBOA HOMOLOGADORA ENTRE O PERSOAL LABORAL E O PERSOAL FUNCIONARIO		
GRUPO LABORAL	POSTO SINGULARIZADO	NIVEL PAS FUNCIONARIO
I	RESPONSABILIDADE DIRECTIVA	A-28
I	COORDINACIÓN FUNCIONAL	A-26
I	XEFATURA DE GRUPO	A-25
I	ESPECIAL COMPLEXIDADE	A-24
<b>I</b>	<b>POSTO BASE</b>	A-23
II	ESPECIAL COMPLEXIDADE	B-22
II	XEFATURA DE GRUPO	B-23
II	COORDINACIÓN FUNCIONAL	B-24
<b>II</b>	<b>POSTO BASE</b>	B-21
III	ESP. COMPLX. + PLUS HOMOLOGA.	C-22
III	XEFATURA DE GRUPO	C-21
III	ESPECIAL COMPLEXIDADE	C-20
<b>III</b>	<b>POSTO BASE</b>	C-18
IV	<b>POSTO BASE</b>	D-18
V	<b>POSTO BASE</b>	E-14

TÁBOAS DE ATRASOS DOS ANOS 2005 E 2006 (Proposta xerencia + modificacións de CC OO)						
GRUPO	SALARIO 2005	P. XERC. + MODF. CC OO (ANO 2006)	ATRASOS 2005 <sup>1</sup>	SALARIO 2006	ATRASOS 2006 <sup>2</sup> (1/12/06)	TOTAL ATRASOS 2005+2006
V	13.234,20	<b>15.552,28</b>	1.851,51	13.653,16	1.645,04	<b>3.496,55</b>
IV	14.877,63	<b>17.936,22</b>	2.520,50	15.356,21	2.236,01	<b>4.756,51</b>
III	17.410,23	<b>19.668,12</b>	1.667,84	17.966,07	1.475,11	<b>3.142,95</b>
II	22.486,86	<b>24.795,12</b>	1.564,40	23.197,60	1.384,52	<b>2.948,92</b>
I	27.033,03	<b>30.082,98</b>	2.147,46	27.876,30	1.912,46	<b>4.059,92</b>

Estas modificacións da proposta da Xerencia achegarémolas a Mesa Negociadora do IIº Convenio Colectivo e serán a referencia que sigan os negociadores de **CC OO**.

<sup>1</sup> Á proposta de salario para 2006 lle restamos o 3% de incremento do IPC., a cantidade resultante a restamos a súa vez do salario percibido no ano 2005.

<sup>2</sup> A diferencia entre a proposta e o salario anual de 2006 dividida por 15 e multiplicada por 13 que son as pagas que temos que ter percibido a 1 de decembro.